

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

No punto 6 do artigo 126 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establécese que lles corresponde ás administracións educativas determinar o número total de membros do consello escolar e regular o proceso de elección. Ao abeiro do establecido na disposición transitoria décimo primeira da LOE, dado que o dito artigo remite a posteriores disposicións regulamentarias que aínda non foron ditadas, son de aplicación as normas dese rango que o viñan sendo na data de entrada en vigor da LOE, sempre que non se opoñan ao disposto nela.

Pola súa parte, o Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril, e os decretos 324/1996, do 26 de xullo, 374/1996, do 17 de outubro, e 7/1999, do 7 de xaneiro, establecen as condicións de celebración das eleccións dos membros dos consellos escolares nos centros docentes.

A Orde do 21 de outubro de 1996 pola que se determinan aspectos para a elección dos membros do consello escolar nos centros docentes non universitarios sustentados con fondos públicos, establece o procedemento de integración no consello escolar do profesorado, do alumnado e dos pais e nais do alumnado do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria que cursen estudos nun centro de primaria, e determina a composición dos consellos escolares dos institutos de educación secundaria con menos de oito unidades.

A Orde do 28 de agosto de 1996 pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados, establece que o dito procedemento se realizará de acordo co regulamentado nesa orde e que nos aspectos non previstos nela haberá que aterse ao establecido para os centros públicos no Decreto 92/1988, do 28 de abril, modificado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo.

Dada a situación derivada da crise sanitaria xerada pola pandemia da COVID-19 durante o curso 2020/21 fíxose necesario o aprazamento da celebración das eleccións por



Resolución do 22 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se adía a celebración de eleccións para a renovación dos membros dos consellos escolares de centros docentes sustentados con fondos públicos.

Por todo o anterior, como secretario xeral de Educación e Formación Profesional,

RESOLVO:

Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O obxecto desta disposición é establecer o novo calendario para a elección dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar dos centros educativos, que correspondía celebrar no curso 2020/21 por Resolución do 30 de setembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e, que foron aprazadas pola Resolución do 22 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional. Porén, os nomeamentos serán ao sumo por tres anos.

2. Ademais, é obxecto desta resolución establecer as datas para as eleccións para a primeira constitución do consello escolar dos centros educativos que comezaron o seu funcionamento no curso 2021/22.

3. Esta resolución é de aplicación nos centros educativos sustentados con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Calendario de eleccións para a renovación parcial dos consellos escolares*

1. As eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar realizaranse entre os días 22 e 26 de novembro de 2021, ambos os dous incluídos. A xunta electoral, co fin de que todos os sectores implicados poidan participar, cumprindo sempre con todas as medidas hixiénico-sanitarias e de seguridade marcadas pola crise sanitaria da COVID-19 e dentro das posibilidades de cada centro, establecerá un calendario para as votacións correspondentes.

2. A xunta electoral regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, constituirase entre os días 2 e 5 de novembro de 2021, ambos os dous incluídos.



3. De conformidade co establecido no artigo 31.b) do Decreto 92/1988, do 28 de abril, é competencia da xunta electoral concretar o calendario electoral. As xuntas electorais terán presente, en todo caso, que o prazo de admisión de candidatos non deberá ser inferior a sete días naturais.

4. Os centros que comezaron o seu funcionamento no curso 2019/20 levarán a cabo a primeira renovación do consello escolar prevista na lexislación vixente, de acordo co calendario xeral previsto neste mesmo punto.

Terceiro. *Determinación dos membros a renovar e períodos de nomeamento*

1. Para determinar os membros do consello escolar que deben ser renovados terase en conta o establecido nos correspondentes decretos polos que se establecen os regulamentos orgánicos.

2. Co obxecto de manter os períodos de renovación, os membros do consello escolar elixidos conforme o proceso adiado no curso 2020/21 serán nomeados por un período de tres cursos escolares.

Cuarto. *Modificación do número de membros do consello escolar*

Os centros modificarán en cada renovación parcial o número de membros do consello escolar en función do número de unidades que teñan nese momento.

Quinto. *Calendario de eleccións para centros que inician funcionamento no curso 2021/22*

1. As eleccións para a primeira constitución do consello escolar nos centros que iniciaron o seu funcionamento no curso 2021/22 realizaranse entre os días 25 e 29 de outubro de 2021, ambos os dous incluídos. A xunta electoral, co fin de que todos os sectores implicados poidan participar, cumprindo sempre con todas as medidas hixiénico-sanitarias e de seguridade marcadas pola crise sanitaria da COVID-19 e dentro das posibilidades de cada centro, establecerá un calendario para as votacións correspondentes.

2. Nos centros a que se refire o punto anterior, a xunta electoral regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, constituirase entre os días 4 e 8 de outubro de 2021, ambos os dous incluídos.



3. De conformidade co establecido no artigo 31.b) do Decreto 92/1988, do 28 de abril, é competencia da xunta electoral concretar o calendario electoral. As xuntas electorais terán presente, en todo caso, que o prazo de admisión de candidaturas non deberá ser inferior a sete días naturais.

4. A primeira renovación do consello escolar dos centros a que se refire este punto producirase no ano 2022, coincidindo coa renovación do resto dos consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co establecido na normativa vixente.

Sexto. *Permisos*

Aos membros integrantes da xunta electoral, das mesas electorais e aos electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas seralles de aplicación o artigo 117 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Non obstante, o día ou os días en que teñan lugar as eleccións de representantes dos distintos sectores da comunidade educativa non poderán ser declarados non lectivos.

Sétimo. *Actas*

1. A acta do escrutinio da votación de cada mesa electoral, á cal se refire o artigo 50 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, na súa redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, farase segundo o modelo que se publica como anexo I a esta resolución.

2. De conformidade co establecido no artigo 51 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, a dirección do centro, como presidencia da xunta electoral, unha vez proclamados os candidatos e candidatas elixidos, dará traslado das copias das actas de cada mesa electoral ao xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

3. Logo da constitución do consello escolar, a que se refire o artigo 52 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, a dirección do centro remitirá ao xefe ou xefa territorial, antes do 17 de decembro de 2021, o informe de seguimento que se publica como anexo II a esta resolución.

Oitavo. *Medidas hixiénico-sanitarias*

Durante todo este procedemento respectaranse as medidas de prevención e hixiene recollidas no Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22, ou calquera outra medida establecida para os centros educativos.



Disposición adicional. *Centros que comezaron o seu funcionamento no curso 2020/21*

Esta resolución non é de aplicación para os centros que comezaron o seu funcionamento no curso 2020/21.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional





ANEXO II

INFORME DE SEGUIMENTO DO PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR*

A. DATOS DO CENTRO:

DENOMINACIÓN:		LOCALIDADE E CONCELLO:	
TITULARIDADE:	PÚBLICA <input type="checkbox"/> PRIVADA <input type="checkbox"/>	Número total de unidades/grupos..... <input type="text"/>	

B. RESUMO DO RESULTADO DAS VOTACIÓNS:

NÚMERO DE ELECTORES CENSADOS POR CADA SECTOR				RESULTADOS POR CADA SECTOR													
PROFESORADO	PAIS E NAIS	ALUMNADO	ADMÓN. E SERVIZOS	PROFESORADO			PAIS E NAIS			ALUMNADO			PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS				
				VACANTES	CANDIDATOS/AS	VOTANTES	VACANTES	CANDIDATOS/AS	VOTANTES	VACANTES	CANDIDATOS/AS	VOTANTES	VACANTES	CANDIDATOS/AS	VOTANTES		

C. COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO:

	PROFESORADO	PAIS E NAIS	ALUMNADO	PERSOAL DE ADMÓN. E SERVIZOS	REP. DO CONCELLO	REP. DAS EMPRESAS
Composición legal do consello escolar , segundo se recolle no Decreto 374/1996, Decreto 324/1996, Decreto 7/1999, Orde do 28.8.1996, Orde do 21.10.1996 e correspondentes regulamentos orgánicos.						
Composición real do consello escolar constituído despois do proceso que se regula na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional do 20.9.2021.						

D. NO CASO DE NON CONSTITUÍRSE O CONSELLO ESCOLAR, SINALE AS CAUSAS:

--

Vº e prace
O/a director/a

O/a secretario/a

_____ de _____ de 2021

Asdo.: _____

Asdo.: _____

* Remítase á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Servizo Territorial da Inspección Educativa) antes do día 17 de decembro de 2021.

